



# Plan estratéxico de **Saúde Mental** Galicia 2006-2011

XUNTA-DE GALICIA





# Plan Estratégico de Saúde Mental Galicia 2006-2011

XUNTA DE GALICIA

EDITA:  
XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Sanidade

SERGAS  
Secretaría Xeral  
Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias

COORDINACIÓN XERAL:  
Víctor Pedreira Crespo

DIRECCIÓN TÉCNICA DO PROXECTO:  
Fernando Marquez Gallego  
*Responsable do Programa de Saúde Mental*

COORDINACIÓN GRUPO TÉCNICO DE TRABALLO:  
José María Alonso Ramos  
Braulio García Zamorano  
Isabel Guillén Santos

APOYO TÉCNICO:  
Juan Juarez Casado  
Teresa Castro Lado  
Sara Fernández Lamas

ASESORÍA TÉCNICA:  
Gesmédica

## PRESENTACIÓN

O século que comeza, e que inaugura un novo milenio, non puido facelo dun modo máis esperanzador para a causa da saúde mental.

En efecto, ao *“Informe sobre a saúde no mundo 2001. Saúde mental: novos coñecementos, novas esperanzas”* da OMS, seguiu a proposta de *“Declaración de saúde mental para Europa OMS: enfrontándose aos desafíos, construíndo solucións”*, cuxo plan de acción foi ratificado en xaneiro de 2005 na Conferencia de Helsinki polos ministros de Sanidade dos Estados membros da Rexión Europea da OMS.

Nestes documentos, a OMS insta os gobernos a definir políticas que protexan e melloren a saúde mental da poboación. Non se trata, tan só, de desenvolver mellores servizos para atender os problemas de saúde mental dos cidadáns, senón -e sobre todo- de promover os cambios legislativos e as políticas intersectoriais necesarias para mellorar o benestar do conxunto da poboación, previr os problemas de saúde mental e favorecer a inclusión social e o funcionamento das persoas con este tipo de problemas.

Pola súa parte, a Comisión Europea, en resposta a unha petición expresa formulada na Conferencia de Helsinki, elaborou e presentou a finais de 2005 o *Libro verde sobre saúde mental* que pretende servir de base para establecer un profundo debate coas institucións europeas, os gobernos, os profesionais da sanidade, a sociedade civil e a comunidade investigadora sobre a importancia da saúde mental para a Unión Europea.

A mellora da atención á saúde mental en España constitúe, tamén, un obxectivo estratéxico para o Ministerio de Sanidade e Consumo. Froito deste interese e compromiso foi a elaboración, en colaboración coas comunidades autónomas, da *Estratexia en saúde mental do Sistema Nacional de Saúde*, que foi aprobada por unanimidade no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde celebrado en decembro de 2006. Con esta Estratexia preténdese contribuír a mellorar a calidade das intervencións e resultados na saúde mental en todo o territorio do Estado con independencia do lugar onde residan os cidadáns.

Esta preocupación dos organismos internacionais e do goberno da nosa nación pola cuestión da saúde mental está xustificada pola elevada prevalencia destes trastornos e a súa tendencia progresivamente crecente, pola súa gravidade e o sufrimento que provocan en pacientes e familiares e polos elevados custos sanitarios e sociais que condicionan. Non hai que esquecer que unha de cada catro persoas desenvolverá unha ou máis destas enfermidades ao longo da súa vida e que o impacto dos trastornos mentais na calidade de vida é superior ao de moitas enfermidades crónicas como a diabetes ou as enfermidades respiratorias.

En Galicia, a elaboración e posterior aprobación dun Plan de Saúde Mental que, partindo da identificación dos problemas e da análise das necesidades, determinase as prioridades, fíxase os obxectivos e as estratexias para conseguilos, púxese en marcha os programas e accións necesarias coa dotación económica precisa e avaliase posteriormente os resultados, constituíu unha das prioridades do actual goberno da Xunta.

O documento que presentamos nesta publicación é o froito do traballo coordinado de cerca de 200 profesionais da Rede de Saúde Mental que participaron en 20 grupos de traballo de carácter interdisciplinar e da especial colaboración dos responsables de Saúde Mental das áreas sanitarias. Tamén é de destacar a contribución realizada durante o período de alegacións polas sociedades científicas, movemento asociativo, Comisión asesora en materia de saúde mental da Consellería de Sanidade e membros dos equipos directivos da consellería e do Sergas. A coordinación de todo este traballo e a redacción do documento técnico correspondeulle ao responsable do Programa de saúde mental e ao subdirector xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

Este Plan de Saúde Mental parte do ***“Documento de Bases para a elaboración dun Plan Galego de Saúde Mental”***, elaborado pola Comisión asesora en materia de saúde mental en 1987, no cal se establecen uns principios básicos e directrices xerais, en consonancia coas recomendacións do ***“Informe da Comisión Ministerial para a Reforma Psiquiátrica”***, de 1985 e co disposto na ***“Lei xeral de sanidade”***, de 1986. O Plan tamén toma como base normativa o ***“Decreto 389/1994 polo que se regula a saúde mental en Galicia”***. Ambos textos -documento de bases e decreto- constituíron, ata agora, o fundamento teórico e normativo das intervencións en saúde mental en Galicia.

O ***Plan Estratégico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011***, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 5 de outubro de 2006, supón un esforzo orzamentario sen precedentes na nosa Comunidade Autónoma, necesario para facer fronte aos novos desafíos na área da prevención, da asistencia e da rehabilitación e, tamén, ás novas necesidades no ámbito da formación e da investigación en saúde mental.

É, en definitiva, un esforzo necesario para lograr unha atención integral aos problemas de saúde mental equitativa, eficiente e de calidade: a atención que Galicia necesita e se merece neste inicio do século XXI.

**M<sup>a</sup> José Rubio Vidal**  
*Conselleira de Sanidade*

Desde que, en 1987, a Comisión Asesora en Materia de Saúde Mental presentou o seu documento de bases para a elaboración dun Plan Galego de Saúde Mental ata a actualidade pasaron 20 anos. Foi un longo camiño e unha longa espera.

Participar no proxecto de elaboración do presente ***Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011***, o primeiro da nosa comunidade autónoma, foi para min un verdadeiro privilexio. A súa aprobación polo Consello da Xunta, un motivo de profunda satisfacción.

Esta iniciativa non sería posible transformala en realidade se non contase coa valiosísima colaboración dun amplo grupo de profesionais, coa participación activa de distintas entidades sociais e co decidido apoio e compromiso da Administración. A todos eles quero expresar o meu máis sincero agradecemento.

Como todo plan de saúde, este vai dirixido ao conxunto da poboación que é, en definitiva, o seu potencial beneficiario. Non obstante, os destinatarios privilexiados deste plan estratéxico son, como non podería ser doutro modo, as persoas que sofren trastornos de saúde mental, os seus familiares e os profesionais que os atenden.

É seguro que, a pesar de todas as medidas recollidas no Plan, non poderemos evitar por completo o sufrimento duns e as frustracións doutros pero, polo menos, trataremos de mitígalos.

Trátase, en todo caso, de construír, a través do plan, un verdadeiro circuíto de garantías para os pacientes, para as súas familias e para a sociedade no seu conxunto. Un circuíto capaz de ofrecer protección, prestacións e axudas, sobre todo, na asistencia prolongada aos pacientes con enfermidade mental grave.


Oxalá que así sexa.

**Víctor Pedreira Crespo**  
*Subdirector xeral de*  
*Saúde Mental e Drogodependencias*



# Índice





1	<b>INTRODUCCIÓN</b>	11
2	<b>PRIORIDADES E NECESIDADES ESTABLECIDAS DE ACORDO CO INFORME DE SITUACIÓN</b>	19
3	<b>MATRIZ DAFO</b>	25
3.1	<b>PUNTOS DÉBILES</b> .....	27
3.2	<b>PUNTOS FORTES</b> .....	28
3.3	<b>AMEAZAS</b> .....	28
3.4	<b>OPORTUNIDADES</b> .....	29
4	<b>OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS</b>	31
4.1	<b>OBXECTIVOS</b> .....	33
4.1.1	<b>OBXECTIVOS XERAIS:</b> .....	33
4.1.2	<b>OBXECTIVOS OPERATIVOS:</b> .....	33
4.2	<b>LIÑAS ESTRATÉXICAS</b> .....	38
5	<b>DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS</b>	43
5.1	<b>COMPLETAR A INTEGRACIÓN DA SAÚDE MENTAL NO SISTEMA DE INFORMACIÓN SANITARIO XERAL</b> .....	45
5.2	<b>COMPLETAR A INTEGRACIÓN DA SAÚDE MENTAL NO PLAN DE OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS (POE)</b> .....	45
5.3	<b>DESENVOLVEMENTO NORMATIVO DO DECRETO DE SAÚDE MENTAL</b> .....	46
5.4	<b>DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO DOS SERVIZOS DE SAÚDE MENTAL</b> .....	46
5.4.1	<b>UNIDADES DE SAÚDE MENTAL</b> .....	48
5.4.2	<b>HOSPITAIS DE DÍA</b> .....	50
5.4.3	<b>UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN PSIQUIÁTRICA</b> .....	52
5.4.4	<b>UNIDADES ESPECÍFICAS</b> .....	54
5.4.4.1	Saúde mental infanto-xuvenil .....	54
5.4.4.2	Drogodependencias .....	58
5.4.4.3	Unidades de psioxeriatría .....	59
5.4.5	<b>UNIDADES HOSPITALARIAS DE REHABILITACIÓN PSIQUIÁTRICA</b> .....	60

54.5.1	Unidades de cuidados de rehabilitación .....	60
54.5.2	Unidades de cuidados especiais .....	63
54.5.3	Unidades de cuidados residenciais .....	64
54.6	PISOS PROTEXIDOS E UNIDADES RESIDENCIAIS .....	65
54.7	CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL .....	67
5.5	<b>PROGRAMAS DE SAÚDE MENTAL</b> .....	69
5.5.1	PROGRAMAS PREVENTIVOS .....	69
5.5.1.1	Programa antiestigma .....	69
5.5.1.2	Programa de cuidado a cuidadores .....	66
5.5.1.3	Programas preventivo-asistenciais .....	71
5.5.2	PROGRAMAS ASISTENCIAIS .....	71
5.5.2.1	Programas para problemas prevalentes en saúde mental .....	72
5.5.2.2	Programa de trastorno mental severo .....	72
5.5.2.3	Programas de interconsulta e enlace .....	72
5.5.2.4	Programa de observación e intervención en crise hospitalaria .....	72
5.5.2.5	Programa de consulta de alta resolución .....	73
5.5.2.6	Programa de teleasistencia .....	73
5.5.2.7	Programa con procedementos específicos: .....	73
	Estratexias farmacolóxicas: clínica de litio, neurolépticos de acción prolongada, monitorización de fármacos .....	73
	Estratexias psicoterapéuticas: individual familiar, grupal... ..	73
5.5.3	PROGRAMAS REHABILITADORES .....	73
	Programa de rehabilitación activa (hospitalario e extrahospitalario) .....	73
	Programa de rehabilitación e contención .....	73
	Programa de cambio condutual (conduta disruptiva) .....	74
	Programa de mantemento e reforzo de niveis de rehabilitación (hospitalario e extrahospitalario) .....	74
	Programa de autocoidado e autoxestión de vida diaria .....	74
	Programa de habilidades sociais e interpersoais .....	74
	Programa de cuidados segundo o grao de dependencia .....	74
	Programa de aloxamento alternativo .....	74
	Programa de actividades ocupacionais .....	74
	Programa de habilidades e hábitos prelaborais .....	74

	Programa de hábitos laborais dirixidos á integración no ámbito laboral .....	74
	Programas de ocio e tempo libre .....	74
	Programas psicoeducativos .....	74
5.5.4	PROGRAMAS ESPECIAIS .....	74
5.5.4.1	Programa de atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, tabaco así como aqueles relacionado con dependencias sen substancia .....	74
5.5.4.2	Programa de trastornos de conduta alimentaria.....	75
5.5.4.3	Programa de intervención en crise e urxencias comunitarias (Programa Acougo en colaboración co O61) .....	76
5.5.4.4	Programa de saúde mental e catástrofes .....	77
5.5.5	PROGRAMAS DE FORMACIÓN.....	77
5.5.5.1	Programa de formación de especialistas (MIR, PIR, EIR...) .....	77
5.5.5.2	Programa de formación continuada.....	77
5.5.6	PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN .....	78
5.6	<b>CARTEIRA DE SERVIZOS .....</b>	<b>79</b>
5.7	<b>CALIDADE ASISTENCIAL .....</b>	<b>79</b>
5.7.1	MEDIDAS DIRIXIDAS AO INCREMENTO DA CALIDADE CLÍNICA E ASISTENCIAL .....	79
5.7.2	MEDIDAS DIRIXIDAS A INCREMENTAR A ACCESIBILIDADE AOS SERVIZOS DE SAÚDE MENTAL .....	80
5.8	<b>AVALIACIÓN DOS SERVIZOS DE SAÚDE MENTAL .....</b>	<b>81</b>
5.8.1	SITUACIÓN ACTUAL .....	81
5.8.2	ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA FORMALIZADO DE OBSERVACIÓN E SEGUIMENTO EN SAÚDE MENTAL .....	82
5.8.2.1	Obxectivos .....	82
5.8.2.2	Funcións .....	82
5.9	<b>PROGRAMAS DE COLABORACIÓN .....</b>	<b>83</b>
<b>6</b>	<b>ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA .....</b>	<b>85</b>
6.1	<b>CAPÍTULO I .....</b>	<b>87</b>
6.2	<b>CAPÍTULO II .....</b>	<b>88</b>
6.3	<b>CAPÍTULO IV .....</b>	<b>88</b>

6.4	Capítulo VI .....	88
6.5	Resumo por capítulos .....	89
<b>7</b>	<b>CRONOGRAMA</b>	<b>91</b>
7.1	CAPÍTULO I .....	93
7.2	CAPÍTULO II .....	94
7.3	CAPÍTULO IV .....	95
7.4	CAPÍTULO VI .....	95
7.5	CUSTO TOTAL ACUMULADO PLAN ESTRATEXICO DE SAÚDE MENTAL 2006-2011 .....	96
<b>8</b>	<b>ANEXO I. DECLARACIÓN EUROPEA DE SAÚDE MENTAL ENFRONTANDO DESAFÍOS, CONSTRUÍNDOLUCIONES Helsinki, Finlandia, 12-15 Xaneiro 2005</b>	<b>99</b>
<b>9</b>	<b>RELACIÓN DE GRUPOS TÉCNICOS DE TRABAJO</b>	<b>113</b>
<b>—</b>	<b>VERSIÓN CASTELÁ</b>	<b>123</b>

# INTRODUCCIÓN



Plan Estratégico de Saúde Mental  
Galicia 2006-2011



Segundo a OMS no mundo hai 450 millóns de persoas afectadas por trastornos mentais, neurolóxicos ou problemas psicosociais como os relacionados co abuso de alcohol ou drogas (o 7,5% da poboación mundial). Moitas delas sofren en silencio, moitas sofren soas, moitas nunca reciben tratamento ningún. Entre o sufrimento e as perspectivas de tratamento eríxense as barreiras do estigma, os prexuízos, a vergoña e a exclusión.

Unha de cada catro persoas desenvolverá unha ou máis destas enfermidades ao longo da súa vida. As patoloxías neuropsiquiátricas suman o 13% do total da perda de anos de vida axustados por discapacidade (DALY) e no ano 2020 chegarán ao 15%.

Os gobernos, na súa calidade de responsables últimos da saúde mental, e no marco dos sistemas de saúde e as formas de financiamento xerais, deben definir políticas que protexan e melloren a saúde mental da poboación. No que atinxe ao financiamento, debe protexerse a poboación fronte aos riscos financeiros catastróficos. A poboación sen problemas de saúde debe contribuír a custear os gastos da poboación enferma, e os máis favorecidos deben contribuír a custear os gastos dos pobres.

A OMS no seu **Informe sobre a saúde no mundo 2001. Saúde mental: novos coñecementos novas esperanzas** recoñece que “con independencia da situación económica do país, sempre parecerá que os recursos necesarios para financiar actividades, servizos e tratamentos son insuficientes. Tanto para a saúde mental, coma para a saúde en xeral, hai que elixir entre un gran número de servizos e unha ampla gama de estratexias de prevención e promoción. Esa elección, naturalmente, terá distintos efectos en distintos trastornos mentais e diferentes grupos necesitados, pero é importante recoñecer que en última instancia hai que elixir entre estratexias clave máis que entre trastornos concretos”.

Na proposta de **Declaración de Saúde Mental para Europa OMS: Enfrontándose aos desafíos, construíndo solucións**, que se ratificou na Conferencia dos Ministros de Sanidade dos estados membros da Rexión Europea da OMS xunto co director rexional para Europa da OMS, que se celebrou en Helsinki en xaneiro do 2005, contense como declaración xeral que “**non existe saúde sen saúde mental**”.





Tamén se sinala que **a saúde mental é primordial para o desenvolvemento humano, social e económico das nacións** e “esencial para outras áreas de políticas públicas como son a asistencia social, os dereitos humanos, a educación e o emprego”. Por iso os ministros responsables da saúde dos países asinantes comprométen-se a considerar formalmente a necesidade de desenvolver, implementar e reforzar políticas de saúde mental nos países asinantes coa meta de lograr a **inclusión social**, requirindo para iso as seguintes **accións**:

- I. promover o benestar mental da poboación como un todo, desenvolvendo programas efectivos que creen conciencia e cambio positivo nos individuos e nas familias; comunidades e sociedade civil; escolas e traballo; e gobernos e axencias nacionais;
- II. demostrar a centralidade da saúde mental na construción dunha sociedade saudable inclusiva (integradora) e produtiva considerando as implicacións sobre a saúde mental de todas as políticas públicas especialmente o impacto potencial sobre os grupos de risco;
- III. afrontar o estigma e a discriminación, asegurar a protección dos dereitos humanos e a dignidade e implementar a lexislación necesaria para capacitar as persoas en risco ou sufrindo de problemas de saúde mental e discapacidade a que participen completamente e por igual na sociedade;
- IV. ofrecer un apoio enfocado e unhas intervencións sensibles ás etapas vitais das persoas en risco especialmente na crianza e educación dos nenos e mozos e nos coidados das persoas maiores;
- V. desenvolver e implementar programas nacionais para previr o estrés lesivo, a ansiedade e o suicidio, dando especial atención ao abuso do alcohol e substancias;
- VI. desenvolver a capacidade e a habilidade dos médicos xerais e dos servizos de atención primaria para ofrecer un acceso efectivo, identificación e tratamento ás persoas que sofren problemas de saúde mental;



- VII. ofrecer ás persoas con problemas severos de saúde mental un tratamento e asistencia efectivas onde eles queiran e cando eles o necesiten, e protexelos da negligencia e do abuso;
- VIII. establecer a asociación, coordinación e liderado entre os sectores e axencias que teñan unha influencia sobre a saúde mental e a integración social dos individuos, grupos e comunidades;
- IX. deseñar programas de provisión, educación e adestramento para crear un corpo abondo multidisciplinar de profesionais competentes;
- X. avaliar o estado de saúde mental e as necesidades da poboación como un todo, en grupos específicos e en individuos dun modo que permita a comparación nacional e internacional;
- XI. proporcionar recursos xustos e suficientes para lograr estes obxectivos;
- XII. iniciar a investigación e apoiar a avaliación e diseminación das accións arriba indicadas.

O **Informe OMS 2001** e a **Declaración Ministerial-OMS de Helsinki (Europa 2005)** e o **Plan de Accións** correspondente son de referencia para o actual **Plan Estratéxico de Saúde Mental de Galicia**, aínda que é necesaria unha contextualización debida ás transformacións acontecidas na organización da saúde mental na nosa Comunidade Autónoma dende o momento en que se produciron as transferencias sanitarias previstas no Estatuto de Autonomía ata o momento actual.

Como punto de partida, a Consellería de Sanidade creou no ano 1986 unha Comisión Asesora de Saúde Mental co encargo de analizar a situación da asistencia psiquiátrica en Galicia. Como resultado do seu traballo redactouse o Documento **Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (1987)** no cal se establecen uns principios básicos e directrices xerais: integración sanitaria, zonificación e territorialidade, integralidade, interdisciplinariedade, continuidade terapéutica e orientación comunitaria, en consonancia coas recomendacións do **Informe da comisión ministerial para a reforma psiquiátrica (1985)** e o disposto na **Lei xeral de sanidade (1986)**.





A experiencia adquirida tras a elaboración do citado documento de bases e a expectativa xerada polos novos coñecementos científicos impulsou a completalo cun desenvolvemento normativo, elaborándose e promulgando o **Decreto 389/1994 polo que se regula a saúde mental en Galicia**.

Este Decreto, establece as **directrices xerais** de actuación na saúde mental e na asistencia psiquiátrica, **a regulación dos dispositivos** dirixidos á promoción e protección da saúde mental, a prevención das enfermidades psíquicas e a asistencia, rehabilitación e integración dos enfermos mentais. Así mesmo, tamén se establece que todas as **actuacións e programas** de saúde mental deben ser debidamente **avaliados para adecualos ás necesidades da poboación e optimizar a acción sanitaria**. Os dispositivos de saúde mental estruturaranse de maneira que quede garantida a súa extensión a toda a poboación.

O decreto divide os dispositivos asistenciais en:

- **Básicos:** unidades de saúde mental, hospitais de día, unidades de hospitalización psiquiátrica e **unidades específicas** (unidades de saúde mental infanto-xuvenil, unidades de psioxeriatría e unidades de tratamento de alcoholismo e outras dependencias).
- **Complementarios:** unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica e unidades de apoio comunitario (pisos protexidos e vivendas de transición, unidades de apoio social intermedio e unidades residenciais).

En 1996 créase unha nova comisión asesora en materia de saúde mental co fin de analizar o desenvolvemento do **Decreto 389/1994** e a situación en que se atopa a organización dos servizos. Esta comisión remata o seu traballo coa publicación dun documento denominado **"Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia"** (1997), no cal se recollen as que van ser as prioridades a curto, medio e longo prazo para o desenvolvemento dos servizos de saúde mental en Galicia, así como especialmente o desenvolvemento conceptual e operativo dos artigos 15 e 16 do **Decreto 389/1994**. Esta comisión convértese, unha vez publicado o documento, en comisión de seguimento que valorará o desenvolvemento das recomendacións que contén.

No marco do **Decreto 389/1994**, a Consellería de Sanidade considerou necesario avaliar os progresos na atención aos problemas de saúde mental, analizar a situación actual na dotación de recursos e formular unha estratexia en saúde mental que se desenvolverá nos próximos anos co fin de situar a Comunidade Autónoma de Galicia ao nivel doutras comunidades e países de referencia.

Este **Plan Estratéxico de Saúde Mental** que se desenvolverá no período 2006-2011 representa a proposta de liñas de desenvolvemento preventivas, asistenciais, rehabilitadoras, docentes e investigadoras que implican a terminación do proxecto de reforma psiquiátrica en Galicia e a posta a punto das bases da saúde mental en Galicia para o século XXI de acordo con parámetros de calidade, continuidade, innovación, interdiscipliniedade, especialización e énfase na atención ás novas demandas e na cobertura das necesidades dos pacientes, das súas familias e do conxunto da nosa sociedade. Todo isto co máis escrupuloso respecto á dignidade dos pacientes mentais e aos seus dereitos.





# PRIORIDADES E NECESIDADES ESTABLECIDAS DE ACORDO CO INFORME DE SITUACIÓN



2

Plan Estratégico de Saúde Mental  
Galicia 2006-2011



No informe de situación, previo á realización deste plan estratéxico, establecéronse como prioridades e necesidades asistenciais as seguintes:

1. Poñer atención en todos os tramos de idade á morbilidade, atendendo:
  - a. A máis frecuente: trastornos depresivos, trastornos de ansiedade e trastornos reactivos.
  - b. Os máis graves: psicose (esquizofrenia e trastorno bipolar) e trastorno da personalidade.
  - c. Grupos de risco.
2. Apoiar a atención de **6.000.000** de consultas de Atención Primaria potenciando a súa **coordinación** coas unidades de saúde mental e as unidades e programas específicos. Para iso é necesario o establecemento e potenciación dos **programas de interconsulta e enlace, asesoramento e apoio técnico, e a posta en marcha de procesos clínicos** en relación cos problemas referidos no punto anterior.
3. Lograr **respostas asistenciais e estadias medias adecuadas** nas unidades de hospitalización psiquiátrica, potenciando **programas/unidades de observación e intervención en crise hospitalaria** así como as **alternativas á hospitalización** (hospitais de día, programas de trastorno mental severo e de atención e hospitalización a domicilio), ademais da creación de unidades e programas de interconsulta e enlace no medio hospitalario.
4. **Incrementar** o número de prazas en unidades de coidados de rehabilitación hospitalaria e de coidados especiais e **diminución** do número de prazas de unidades de coidados residenciais.
5. **Potenciar os programas de rehabilitación psiquiátrica extrahospitalaria** a través do desenvolvemento dos hospitais de día e equipos de continuidade de coidados e dos dispositivos de apoio comunitario.
6. **Incrementar o número de prazas de pisos protexidos, residencias e centros de rehabilitación psicosocial e laboral**, co financiamento axeitado.





7. **Completar a estrutura básica dos equipos das unidades de saúde mental e ampliar o seu número** de acordo co determinado no citado informe de situación.
8. **Crear unha unidade de hospitalización psiquiátrica para adolescentes**, de referencia para a Comunidade Autónoma, e potenciación das unidades de saúde mental infanto-xuvenís existentes.
9. **Desenvolver os programas e unidades de psioxeriatría** asegurando que exista polo menos unha en cada unha das sete grandes áreas.
10. **Potenciar, ampliar e integrar as unidades e/ou programas específicos para o tratamento do alcoholismo e outras dependencias**, incluíndo as dependencias sen substancia.
11. **Completar a atención a urxencias psiquiátricas** (as 24 horas do día os 365 días do ano) co desenvolvemento de programas **extrahospitalarios** en colaboración coa **Fundación 061 e os Puntos de Atención Continuada (PAC)**.
12. **Deseñar e desenvolvemento dun programa de saúde mental e catástrofes**, integrado nos plans xerais existentes ao respecto.
13. **Promover e mellorar a participación do movemento asociativo** relacionado co ámbito da saúde mental.
14. **Promover e articular a participación de voluntariado** no ámbito da saúde mental, en colaboración coas axencias correspondentes.
15. **Establecer programas de coidado dos coidadores**, tanto profesionais como informais.
16. **Promover plans e programas** de carácter transversal cos departamentos implicados no ámbito da discapacidade, vivenda, educación, emprego, inclusión social... impulsando a coordinación con eles.
17. Establecer **medidas** para o respecto efectivo dos **dereitos dos pacientes e as súas familias**.



18. Establecer directrices, programas e monitorización dos dereitos de pacientes e familias en relación coa **calidade científico-técnica, ética e percibida**, así como co nivel de satisfacción dos usuarios dos servizos.
19. **Deseñar un sistema de avaliación** destas prioridades asistenciais.





# MATRIZ DAFO



3

Plan Estratégico de Saúde Mental  
Galicia 2006-2011



### 3.1 PUNTOS DÉBILES

- Déficit de dispositivos básicos e complementarios.
- Déficit de resposta asistencial en unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica a pacientes de rehabilitación activa (media estadía) e de coidados especiais (trastorno da personalidade límite, xudiciais,...)
- Déficit de programas preventivos e antiestigma.
- Ausencia de programas de coidado a coidadores.
- Déficit de funcionamento por programas, guías, vías e protocolos clínicos.
- Déficit de programas e formación en investigación.
- Déficit de programas de continuidade de coidados.
- Déficit nos programas de rehabilitación extrahospitalaria e reinserción comunitaria (incluíndo programas de reinserción laboral).
- Dificultades para operativizar a cultura de colaboración con atención primaria e servizos sociais.
- Ausencia de coordinación coa rede de drogodependencias.
- Déficit no desenvolvemento de programas de interconsulta e enlace.
- Déficit de unidades de psicoxeriatria.
- Déficit de informatización.
- Déficit de programas de avaliación e calidade asistencial.
- Inexistencia de unidades de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil.
- Inexistencia do programa de saúde mental e catástrofes.
- Déficit na distribución equitativa dos recursos.





### 3.2 PUNTOS FORTES

- Regulación normativa (Decreto 389/1994 e complementarios)
- Grupos técnicos de expertos e participación de profesionais da rede.
- Documentos técnicos de referencia: **Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (1987) e Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia (1997).**
- Bo nivel dos profesionais da rede e dos programas de formación de especialistas e formación continuada (Servizo Oficial de Calidade).
- Cultura de colaboración con atención primaria.
- Sinerxías importantes en urxencias e investigación en biomedicina.
- Carácter multidisciplinar dos equipos.
- Incremento de programas, protocolos e guías clínicas.
- Inicio de innovacións asistenciais: HADO, ADO, ACOUGO, teleasistencia, farmacoxenética.
- Boa coordinación interna.
- Boa coordinación con movemento asociativo.
- Cultura de colaboración con departamentos competentes en materia de servicios sociales, familia, educación...

### 3.3 AMEZAS

- Potencial saturación da rede hospitalaria con distorsión funcional grave por déficit de recursos e incremento de demandas en toda a rede.
- Potencial risco de aumento da lista de espera.

- Potencial risco de perda de recoñecemento social e político-administrativo se non hai resposta a novas demandas.
- Potencial incremento do estigma no trastorno mental severo.
- Previsible esgotamento e/ou crise dos cuidadores informais (familias).
- Potencial perda de territorio competencial por áreas fronteira se non se desenvolven sinerxías e innovacións.
- Potencial saturación da rede ambulatoria.
- Potencial aumento de queixas e demandas dos usuarios por insuficiente resposta ás necesidades.
- Risco de perda de prácticas integrais (biolóxicas, psicolóxicas, sociais) por prácticas reducionistas.
- Incremento preocupante do gasto en psicofármacos.
- Risco de creación de novos espazos de segregación e exclusión.

### 3.4 OPORTUNIDADES

- Reactivación do Consello Interterritorial en materia de saúde mental.
- **Plan de Acción OMS-Europa.**
- **Plan Estratéxico de Saúde Mental.**
- Crecemento e desenvolvemento por demanda crecente e resposta a novas necesidades asistenciais.
- Respostas especializadas pero integradas.
- Potenciar sinerxías e alianzas coa unidade de Medicina Molecular, 061 e outras.





- Incremento de innovacións técnicas e de organización.
- Deseño e desenvolvemento da xestión clínica por procesos.
- Programa de coidado de coidadores.
- Demanda crecente de calidade: técnica, ética e percibida; programas de calidade e auditoría externa.
- Demanda crecente de participación de movemento asociativo, voluntariado e sociedades científicas.
- Incremento de posibilidades de investigación.



# OBJETIVOS E LIÑAS ESTRATÉGICAS



4

Plan Estratégico de Saúde Mental  
Galicia 2006-2011



## 4.1 OBXECTIVOS.

### 4.1.1. Obxectivos xerais:

Este plan estratéxico persegue tres grandes obxectivos no seu desenvolvemento:

- 1 Culminar o desenvolvemento do documento **Bases para a elaboración Plan Galego de Saúde Mental** (que define estándares e ratios de profesionais e unidades por poboación) no marco do **Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.**
- 2 Formular as bases para a atención á saúde mental no século XXI e o seu desenvolvemento integral.
- 3 Asegurarlles aos pacientes e ao seu ámbito familiar tanto a entrada na rede asistencial como o seu retorno á comunidade, potenciando os recursos asistenciais a nivel ambulatorio así como os dispositivos intermedios e desenvolvendo os servizos de rehabilitación e integración social.

### 4.1.2. Obxectivos operativos:

Estes grandes obxectivos concretaranse en compromisos que se traducen nos seguintes obxectivos operativos:

- 1 En todas as áreas sanitarias se atenderán as persoas que requiran atención especializada ambulatoria en saúde mental por primeira vez nun período inferior a 30 días.
- 2 En todas as áreas sanitarias se atenderán as persoas que requiran atención especializada preferente en saúde mental antes de 15 días.
- 3 En todas as áreas sanitarias haberá cobertura hospitalaria para urxencias psiquiátricas as 24 horas do día os 365 días do ano.





- 4 En todas as áreas existirán protocolos especializados para a atención da urxencia psiquiátrica e intervención en crises en medios extrahospitalarios e a domicilio en colaboración estreita coa Fundación 061 (xeralmente a través dos PAC) as 24 horas do día os 365 días do ano.
- 5 Incremento significativo da actividade asistencial en todas as unidades da rede, con maior especificidade nos procedementos clínicos e nas respostas asistenciais.
- 6 Estadía media para as unidades de hospitalización psiquiátrica  $\leq 20$  días.
- 7 En todas as áreas sanitarias haberá cobertura de programas de hospital de día psiquiátrico cunha estadía media de catro meses.
- 8 Estadía media para as unidades de coidados de rehabilitación  $\leq 1$  ano.
- 9 Establecerase un modelo de intervención en saúde mental en catástrofes que dea resposta a esta dimensión no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado nos plans de emerxencias sanitarias e en colaboración coa Fundación 061 e Saúde Pública.
- 10 En todas as áreas sanitarias haberá equipos de continuidade de coidados en saúde mental que ofrezan servizos especializados a domicilio (incluíndo os residentes en pisos protexidos e residencias).
- 11 En todas as áreas sanitarias haberá un programa ambulatorio específico dirixido a persoas con diagnóstico de trastorno mental severo.
- 12 Os equipos de continuidade de coidados de todas as áreas ofrecerán un programa de alta intensidade de atención a domicilio para aqueles pacientes que así o requiran (hospitalización psiquiátrica a domicilio: HADO psiquiátrica).
- 13 En todas as áreas sanitarias a hospitalización psiquiátrica realizarase en unidades de hospitalización psiquiátrica situadas nos complexos hospitalarios correspondentes.
- 14 As unidades de hospitalización psiquiátrica desenvolverán programas de intervención en crises para hospitalizacións inferiores a cinco días, así

como programas de interconsulta e enlace ata a posta en marcha de unidades específicas para esta actividade.

- 15 En todas as áreas haberá un programa de vivendas alternativas e de transición (pisos e prazas de unidades residenciais) que aseguren a cobertura de aloxamento alternativo ao propio ou familiar, para os pacientes de trastorno mental severo que así o requiran a indicación facultativa e en colaboración con familiares próximos e titores.
- 16 En todas as áreas sanitarias haberá unha reserva de prazas en pisos e residencias do 25% para programas de respiro e descanso familiar.
- 17 En todas as áreas sanitarias se desenvolverán programas de rehabilitación psicosocial así como ocupacionais, de integración laboral e de ocio e tempo libre para pacientes con trastorno mental severo que así o requiran, que se realizarán, preferentemente, en centros específicos (actualmente Centros de rehabilitación psicosocial e laboral e relacionados con obxectivos do hospital de día.
- 18 En todas as áreas sanitarias haberá programas ambulatorios específicos de saúde mental infantil e de adolescentes; de psicoxeriatria; de alcoholismo e outras dependencias así como de trastornos da conduta alimentaria.
- 19 Impulsarase un programa de teleasistencia psiquiátrica para aqueles pacientes e institucións que así o requiran.
- 20 Todas as áreas disporán de unidades de referencia para a rehabilitación hospitalaria de pacientes que así o requiran (unidades de coidados de rehabilitación de media estadía).
- 21 Todas as áreas disporán de unidades hospitalarias de referencia para a atención de pacientes con graves trastornos de conduta e con problemas xudiciais que requiran ingreso (unidades de coidados especiais).
- 22 Todas as áreas disporán dunha unidade hospitalaria de referencia de ámbito autonómico para a atención de pacientes con problemas psiquiátricos da infancia e adolescencia que requiran hospitalización.





- 23 Todas as áreas disporán na unidade hospitalaria de referencia (unidade de hospitalización psiquiátrica) dun programa específico para a atención de pacientes con trastornos da conduta alimentaria que requiran hospitalización.
- 24 Todas as áreas disporán de prazas en comunidades terapéuticas para pacientes con problemas de alcoholismo que requiran esta modalidade de atención a criterio dos facultativos especialistas correspondentes.
- 25 Todos os familiares de pacientes con trastorno mental severo terán acceso a un programa psicoeducativo deseñado especificamente para eles dende o momento inicial da atención psiquiátrica. O devandito programa realizarase en colaboración co movemento asociativo de familiares e/ou enfermos psíquicos.
- 26 Todos os familiares de pacientes con trastorno mental severo terán apoio e asesoramento respecto á atención destes nas unidades da rede de saúde mental correspondentes.
- 27 En todas as unidades de saúde mental se aplicarán os criterios éticos e legais recollidos na **Lei 41/2002, do 14 de novembro** (BOE n.º 274, do 15 de novembro de 2002), **básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica**; así como na **Lei 3/2001, do 28 de maio** (DOG n.º 158, do 3 de xullo de 2001), **reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo** (DOG n.º 55, do 21 de marzo de 2005). O devandito programa realizarase en colaboración co movemento asociativo.
- 28 Potenciarase a información aos familiares de pacientes psiquiátricos nas distintas unidades asistenciais da rede do Sergas.
- 29 Establecerase un programa antiestigma, de sensibilización social e loita contra a exclusión, que promova a inclusión e integración social de pacientes con trastorno mental severo e persistente.
- 30 Desenvolverase un programa de promoción de voluntariado, específico e adaptado ás necesidades e peculiaridades de saúde mental, en colabora-

ción, preferentemente, co movemento asociativo de familiares de enfermos psíquicos.

- 31 Establecerase a incorporación do movemento asociativo nos órganos de asesoramento en materia de saúde mental da Consellería de Sanidade.
- 32 Establecerase un programa de atención preferente para cuidadores de pacientes: familiares e cuidadores principais. O devandito programa realizarase en colaboración co movemento asociativo.
- 33 Establecerase un programa de prevención do *burn-out* para profesionais sanitarios.
- 34 Establecerase un programa de atención a profesionais con problemas de saúde mental (PAIME) en colaboración con colexios de profesionais.
- 35 Manterase e reforzarase o programa de formación permanente e de actualización de coñecementos en saúde mental con carácter autonómico.
- 36 Potenciarase a formación de especialistas (MIR, PIR e EIR) creando condicións para a acreditación de centros docentes nas principais áreas sanitarias buscando, adicionalmente, incrementar as devanditas prazas.
- 37 Potenciarase a investigación aplicada en saúde mental tanto na área biomédica como psicosocial así como en grupos de risco e nos sistemas de calidade e avaliación en saúde mental.
- 38 Participarase en programas de cooperación interautonómica, europea (OMS, Interreg, etc.) e internacional, especialmente con países latinoamericanos (en colaboración con la OPS).





## 4.2 LIÑAS ESTRATÉXICAS.

Para conseguir estes obxectivos establécense as seguintes liñas estratéxicas:

- 1 **Desenvolvemento normativo.** Desenvolver e regular o artigo 15 e adaptar o artigo 16 do **Decreto 389/1994**.
- 2 **Atención ás novas necesidades.** Isto inclúe dar respostas actualizadas ás **necesidades xa existentes** nesta materia na nosa Comunidade Autónoma, así como abordar as **novas necesidades e demandas dos pacientes e as súas familias** que apareceron nestes últimos anos.
- 3 **Equidade.** Distribución territorial equitativa de recursos, programas e prestacións en saúde mental.
- 4 **Continuidade asistencial.** Referida tanto aos dispositivos directamente asistenciais (ambulatorios e hospitalarios) como en relación coa atención domiciliaria (ordinaria e de crise) e comunitaria que se complementará coa creación dunha rede que dea resposta a necesidades residenciais, ocupacionais e de rehabilitación psicosocial (residencias, pisos protexidos e centros de rehabilitación psicosocial e laboral).

A mencionada **continuidade** asistencial realizarase a través da devandita rede asistencial así como a través da potenciación da coordinación con atención primaria, que cubra tanto as necesidades da poboación xeral como dos grupos vulnerables e de risco.

- 5 **Accesibilidade asistencial.** Ordinariamente a través da rede asistencial de atención primaria (incluída a xestión da axenda de citas) e de forma extraordinaria a través dos programas de urxencias extrahospitalaria e hospitalaria.

Así mesmo, aseguraranse respostas adaptadas ás necesidades asistenciais dos pacientes e ao seu ámbito familiar.

Promoverase ordenadamente a accesibilidade non presencial (teléfono, sms, correo electrónico...)



- 6 **Personalización da asistencia.** Os programas serán adaptados ás distintas necesidades dos pacientes, tanto asistenciais como clínicas e, cando sexa necesario, ás dos familiares do seu contorno.
- 7 **Innovación.** Utilización de novos recursos tecnolóxicos, procedementos e técnicas aplicables tanto a actividades de carácter preventivo como asistencial, terapéutico, formativo e de investigación.

Estas innovacións deben estruturarse como **programas e estar baseados nas evidencias (probos) existentes** e, en calquera caso, no **consenso de expertos e sociedades científicas**, coa máxima exixencia factible (lex artis) en relación á súa efectividade, eficiencia e seguridade.

- 8 **Formación.** Todas as propostas anteriores dependen en boa medida do nivel de competencia científico-técnica e da actitude ética dos profesionais que as realizan polo que os **programas de formación** deben ser especialmente coidados e potenciados. Para estes efectos establecerase tamén a formación en procesos e procedementos especializados para dar resposta ás novas necesidades asistenciais.
- 9 **Investigación.** Non é factible proseguir a mellora da atención á saúde mental sen potenciar **investigacións** que sexan **aplicables** á mellora da clínica e da asistencia.
- 10 **Transversalidade, coordinación e interdisciplinariedade.** Para o desenvolvemento destes proxectos é necesario a suma de esforzos e coñecementos así como a cooperación entre axencias que traballan en áreas relacionadas con obxectivos de saúde mental, polo que a **transversalidade**, a **coordinación** e a **interdisciplinariedade** se deben fomentar activamente.
- 11 **Xestión clínica.** Existen evidencias de que o uso de **ferramentas de xestión clínica** potencian a continuidade asistencial e se converten en eixe integrador con atención primaria. Sistemas por procesos, guías e vías clínicas deben levar no seu deseño un sistema de avaliación dos cambios nas prácticas clínicas e contribúen a **diminuír a variabilidade non xustificada das prácticas clínicas** e asistenciais, **favorecendo a súa comparabilidade**. Así mesmo potencian a **orientación da asistencia de acordo coas necesi-**





**dades e demandas dos pacientes**, sen esquecer a necesaria adaptación individual das respostas clínicas asistenciais.

- 12 **Coidado dos coidadores.** O ámbito da saúde mental depende, en maior medida que outras especialidades, da calidade e competencia dos recursos humanos e profesionais así como da colaboración de familiares e coidadores dos pacientes. Isto, e o seu propio dereito á mellor atención posible, fai necesario prever a perda de saúde integral e promover a súa calidade de vida a través de asesoramento, orientación e apoio, tanto para o seu coidado coma para a mellor realización das súas fundamentais funcións.

Todo o anterior fai imprescindible o desenvolvemento de programas dirixidos a **coidar os coidadores**, tanto profesionais (PAIME, RETORNO ...) como non profesionais (programas psicoeducativos e de información, asesoramento e apoio aos familiares e coidadores principais dos pacientes con problemas graves e persistentes de saúde mental) que convén adaptar e implantar con carácter xeral na nosa comunidade autónoma.

- 13 **Respecto á dignidade e dereitos dos pacientes.** A devandita dignidade e respecto, xa recollidos tanto na nosa rede asistencial como na lexislación, deben ser coidados especialmente para asegurar a súa aplicación de forma apropiada e coa calidade e coidado que estes temas esenciais requiren. Para iso promoverase a aplicación da **Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica** e da **Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes**, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo; así como as medidas adicionais de carácter ético que melloren a calidade das prestacións asistenciais.
- 14 **Participación.** Establecer canles ordinarias de participación e coordinación:
- a. Para profesionais:
    - Comisión Asesora en Saúde Mental.

- Comisión de Docencia.
- Grupos de traballo de técnicos expertos.
- b. Para o movemento asociativo.
  - Comisión ad hoc.
  - Reunións de coordinación con técnicos do movemento asociativo.

**A consecución destes obxectivos e o desenvolvemento destas liñas estratéxicas debe realizarse co nivel de calidade científico-técnica, ética e percibida que require a nosa cidadanía no inicio do século XXI.**





# DESENVOLVEMENTO DE LIÑAS ESTRATÉXICAS



5

Plan Estratégico de Saúde Mental  
Galicia 2006-2011



Buscarase o aproveitamento racional dos recursos existentes, complementando aqueles que así o requiran e creando novos onde sexan necesarios.

A integración da asistencia psiquiátrica no Sistema de Saúde en Galicia xa é un feito. Parte das liñas estratéxicas desenvolvidas neste plan pretenden que esta integración sexa coordinada co resto dos dispositivos sanitarios, servizos educativos, sociais e asociacións de enfermos, familiares e sociedade civil. As devanditas liñas estratéxicas orientaranse no seu desenvolvemento nas seguintes direccións:

### **5.1. COMPLETAR A INTEGRACIÓN DA SAÚDE MENTAL NO SISTEMA DE INFORMACIÓN SANITARIO XERAL.**

Actualmente completouse a integración normalizada da saúde mental a través do CMBD hospitalario e do SISINFO.

Está pendente a integración normalizada do sistema de información ambulatoria de saúde mental na rede do Sergas.

Para todo iso é preciso completar a informatización da rede de saúde mental.

### **5.2 COMPLETAR A INTEGRACIÓN DA SAÚDE MENTAL NO PLAN DE OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS (POE).**

Coa promulgación do **Decreto 389/1994** establécese a converxencia e remodelación das prestacións de saúde mental existentes cara ao modelo comunitario de atención sanitaria, integrando a asistencia psiquiátrica na rede xeral e mellorando a súa calidade e a súa cobertura. Iso suporá dende o punto de vista da xestión a súa integración nos POE.





### 5.3. DESENVOLVEMENTO NORMATIVO DO DECRETO DE SAÚDE MENTAL

Desenvolver o artigo 15 do **Decreto 389/1994** de saúde mental que precisa unha redacción máis específica, que se realizará seguindo as liñas indicadas no documento **Propostas de desenvolvemento de atención á saúde mental en Galicia (1997)**, cos cambios precisos, así como realizar a adaptación correspondente do artigo 16 e a súa normativa de desenvolvemento.

Elaborar unha normativa específica para crear un instrumento que permita a xestión autónoma dos dispositivos de apoio comunitarios e a coordinación coas entidades que realizan actividades neste ámbito.

Desenvolver a normativa necesaria para a integración funcional da rede asistencial de drogodependencias en saúde mental.

### 5.4. DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO DOS SERVIZOS DE SAÚDE MENTAL

No documento elaborado pola Comisión asesora en materia de saúde mental da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais de 1997 denominado **Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia** recoñécese un grao de materialización do devandito decreto de forma desigual, tanto en contidos como nas diferentes áreas sanitarias.

É finalidade deste plan completar o desenvolvemento do documento **Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental** (1987) e o **Decreto 389/1994** coas adaptacións pertinentes relacionado cos cambios da situación sanitaria, social e económica acontecidos na nosa Comunidade Autónoma dende a publicación dos documentos e normas mencionados.

No cadro seguinte reflíctense por cada unha das áreas de referencia os dispositivos recomendados nos documentos das comisións asesoras de 1987 e 1997, e os existentes no ano 2004.





**Táboa 1. Dispositivos existentes no ano 2004 nas diferentes áreas de referencia e a súa diferenza cos recomendados polo documento Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (1987) e a situación actual.**

DISPOSITIVO		A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	SERGAS
Unidades de saúde mental	Recomendadas (R)	8	3	6	6	5	4	9	41
	Existentes (E) 2004	8	2	5	4	6	3	6	34
	Diferenza	0	-1	-1	-2	1	-1	-3	-7
Hospitals de día	R	2	1	1	1	1	1	2	9
	E	1	1	1	1	1	1	1	7
	Diferenza	-1	0	0	0	0	0	-1	-2
Unidades de hospitalización psiquiátrica	R	2	1	2	3 <sup>1</sup>	2	2	2	14
	E	1	1	2	1	1	1	2	9
	Diferenza	-1	0	0	-2	-1	-1	0	-5 <sup>3</sup>
Unidades de saúde mental infanto-xuvenil	R	1	1	1	3	1	1	1	9
	E	2	1	1	1	1	1	1	8
	Diferenza	1	0	0	-2	0	0	0	-1
Unidades de psicoxeriatria	R	1	1	1	3	1	1	1	9
	E	0	0	1	0	0	0	0	1
	Diferenza	-1	-1	0	-3	-1	-1	-1	-8
Unidades de alcoholismo e outras drogodependencias	R	1	1	1	1	1	1	1	7
	E	1	1	1	1	1	0	1	6
	Diferenza	0	0	0	0	1	-1	0	0
Unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica	R	0	0	1	1	1	0	1	4
	E	0	0	1	1 <sup>2</sup>	1	0	1	3
	Diferenza	0	0	0	0	0	0	0	0

(1) Tendo en conta a poboación asignada no mapa sanitario de 1986.

(2) Situada no Hospital Psiquiátrico da Deputación, non transferido ao Sergas.

(3) Na actualidade de acordo coa ratio de 1 cama por 10.000 habitantes establecida no documento de 1987, existiría un déficit de camas, aínda que non de unidades de hospitalización psiquiátrica de acordo cos criterios actuais, que modificaron os do documento de 1987, en que se optaba por aumentar o número de unidades diminuindo o número de camas de cada unha delas.

A continuación iremos comentando a situación dos distintos dispositivos recollidos nesta táboa:



### 5.4.1. Unidades de saúde mental

As unidades de saúde mental (USM) son o dispositivo básico onde se asentarán todas as accións de saúde mental. Por iso, son o eixe sobre o que se estrutura o modelo comunitario de atención á saúde mental, e deben cubrir toda a poboación coa accesibilidade apropiada (isócrona menor de 1 hora).

O documento **Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental (1987)** recomendaba:

Número	Psiquiatras	Psicólogos	DUE	Traballador social	Auxiliar admtvo.	Auxiliar enfermería
1/75.000 h (50.000/100.000 h)	2	1	1	1	1	1

Con respecto ao número de USM, a recomendación xeral dos distintos plans estratéxicos de saúde mental das distintas comunidades autónomas é de 1 unidade por cada 50.000 habitantes.

En Galicia existe só unha área hospitalaria que carece de USM (Fundación Pública Hospital da Barbanza). A finalidade é que ningunha área hospitalaria careza de servizo de psiquiatría coa correspondente USM.

No momento actual o problema central non é a accesibilidade, salvo a excepción sinalada para o Barbanza, senón a axeitada dimensión e dotación das unidades, que se debilitou ao dispersalas para mellorar esta accesibilidade, que se viu tamén beneficiada sensiblemente coa mellora das comunicacións interiores.

Segundo criterios estritamente poboacionais, en Galicia, cunha poboación de 2.614.655 habitantes, serían precisas 53 USM. Non obstante, a taxa por habitante establecido debería ser froito do desconto de poboación que supón a tomada a cargo polas unidades de saúde mental infanto-xuvenil unidades de alcoholismo e das unidades e programas de psioxeriatría e sociosanitario. A estimación ao respecto é que a poboación que resultaría deste proceso sería aproximadamente de 2.000.000 habitantes, polo que o número de unidades de saúde mental de adultos

resultante da aplicación da taxa de 1 por 50.000 hab. sería de 40 (cifra actual 34). Traducido á poboación xeral, a taxa correspondente sería de **1 USM por cada 66.000 habitantes**.

**Táboa 2. Distribución teórica do número de USM por cada área hospitalaria galega con redondeo cara a arriba de decimais segundo criterio de 1 USM por cada 66.000 habitantes. As cifras redondéanse cara a arriba por riba da fracción 5.**

Prov.	Centro sanitario	Poboación protexida	USM		
			Recomendables	Actuais	Diferenza
	C.H. Juan Canalejo	473.499	8	8	0
	F. H. V. A Xunqueira*	43.880	1	1	0
	C.H. Arq. Marcide	193.365	3	2	-1
	C.H. U. de Santiago	377.043	6	5	-1
	F. H. da Barbanza*	63.733	1	0	-1
<b>A Coruña<sup>2</sup></b>		<b>1.151.520</b>	<b>19</b>	<b>16</b>	<b>-3</b>
	Hospital da Costa	70.492	1	1	0
	C.H. Xeral-Calde	219.815	4	2	-2
	H. C. de Monforte*	50.721	1	1	0
<b>Lugo</b>		<b>341.028</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>-2</b>
	H. C. de Valdeorras*	37.217	1	1	0
	C.H. Ourense	260.298	4	3	-1
	F. H. de Verín*	30.420	1	1	0
<b>Ourense</b>		<b>327.935</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>-1</b>
	C.H. Pontevedra	214.038	3	2	-1
	F. H. do Salnés	70.591	1	1	0
	C.H. Xeral-Cíes	351.641	6	5	-1
	H. do Meixoeiro	190.995	3	1	-2
<b>Pontevedra</b>		<b>827.265</b>	<b>13</b>	<b>9</b>	<b>-4</b>
<b>Sergas</b>		<b>2.647.748</b>	<b>44</b>	<b>34</b>	<b>-10</b>

- (1) Centros sanitario que, aínda que non chegando á taxa de poboación establecida, lle corresponde unha unidade por criterios de dispersión, de estrutura demográfica, de accesibilidade e de apoio a un hospital).
- (2) Inclúe a poboación de varios municipios da provincia de Pontevedra na área de Santiago





Tendo en conta a sectorización da atención especializada, as necesidades serán as que se mostran na táboa 2.

O incremento de recursos por provincia fíxose tendo en conta que na área de Santiago (e polo tanto da provincia da Coruña) están incluídos varios municipios da provincia de Pontevedra e, polo tanto, restados nesta última provincia.

Así en Galicia, por provincias, precisaríanse un mínimo de 10 USM (catro na provincia Pontevedra, tres na da Coruña, dúas na de Lugo e unha na de Ourense).

Cada USM debería contar, con carácter xeral, con **dous psiquiatras, un psicólogo clínico, un DUE** preferentemente especialista en saúde mental **e o apoio dun traballador social** (traducido en compromiso horario de acordo con programas asistenciais que requiran a súa participación a criterio da USM) **e dun auxiliar administrativo**.

Estas recomendacións deberían axustarse para cada unidade de acordo coa súa poboación de referencia.

**Durante o período 2006-2011 previsto neste Plan de Saúde Mental crearanse seis novas unidades de saúde mental.**

A posta en marcha das recomendacións sinaladas estímase que suporían o incremento na súa actividade asistencial dun 20%, á que habería que engadir a tendencia ao incremento da demanda nestas unidades constatada nos últimos anos.

#### 5.4.2. Hospitais de día

Considérase que debe existir un **hospital de día (H.D.)** en cada unha das sete grandes áreas sanitarias. Aínda que na actualidade este obxectivo xa está acadado, a súa dotación debería reforzarse con carácter xeral e especialmente nas áreas urbanas con maior poboación.

Os hospitais de día constitúen, e constituirán de xeito relevante no próximo futuro, a principal alternativa á hospitalización psiquiátrica. Para iso deben reforzar o seu papel na rede asistencial e conseguintemente ver potenciados os seus programas e equipos.

Con carácter xeral, os hospitais de día deberían dispoñer dun psiquiatra, (dous psiquiatras nas áreas de maior poboación: A Coruña e Vigo), un psicólogo, un traballador social, un terapeuta ocupacional e catro profesionais de enfermería (un DUE e tres auxiliares de enfermería).

A creación de prazas en CRPL para pacientes de longa estada en hospitais de día permitirá incrementar a súa actividade asistencial nun 25%.

Os **equipos de continuidade de cuidados** (ECC) estarán integrados, con carácter xeral, nos hospitais de día e realizarán prioritariamente o **programa de transtorno mental severo** e, con diferentes niveis de intensidade na supervisión e cuidados, os seguintes subprogramas:

- **Programa de seguimento comunitario activo, incluíndo atención psiquiátrica a domicilio ou ADO psiquiátrico**, para pacientes de **moderada intensidade** de seguimento, supervisión e cuidados.
- **Programas alternativos á hospitalización psiquiátrica a domicilio ou HADO psiquiátrico**, para pacientes con **alta intensidade** de supervisión e cuidados. A inclusión de pacientes neste tipo de programas debe ser cuidadosamente realizada.
- **Supervisión de pacientes usuarios de pisos protexidos e residencias específicas.**

Os pacientes destes programas serán seleccionados en colaboración cos profesionais das unidades asistenciais, que se responsabilizarán da súa atención con fórmulas adaptadas aos diferentes casos.

Con carácter xeral os **equipos de continuidade de cuidados contarán para a realización destes programas cun** psiquiatra, un DUE, un auxiliar de clínica, e un traballador social/terapeuta ocupacional. A dotación de persoal de enfermería poderá incrementarse de acordo co número e tipoloxía de pacientes tomados a cargo nos ditos programas.





No caso das áreas onde existan USM vinculadas a hospitais comarcais, e con limitacións na súa accesibilidade dende os ECC dos complexos hospitalarios de referencia, a ampliación poderá facerse vinculando o núcleo básico de enfermería (DUE e auxiliar de clínica) ás USM do hospital comarcal correspondente.

### 5.4.3. Unidades de hospitalización psiquiátrica.

Segundo as directrices do **Decreto 389/1994** e documentos técnicos das comisións asesoras, cada complexo hospitalario debe contar con **unidades de hospitalización** psiquiátrica (UHP).

Segundo diferentes plans de saúde mental das distintas comunidades autónomas e a tendencia sinalada no documento **Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental** de 1987, as ratios recomendadas son de 1 cama por cada 10.000 habitantes.

En Galicia todas as áreas sanitarias de Atención Especializada, coa excepción dos hospitais comarcais e fundacións hospitalarias, teñen unidades de hospitalización psiquiátrica. En total nove centros que suman 211 camas (sen incluír as camas concertadas do Complexo Hospitalario de Pontevedra) o que fan un total de 1 cama por cada 12.500 habitantes. Co que a súa dotación precisaría de 54 camas máis para cubrir as necesidades poboacionais. A previsión de crecemento na duración do presente **Plan Estratéxico** é de **54 camas máis**, das cales, polo menos, 14 (2 por área) serían de observación e intervención en crise hospitalaria, e polo tanto de estadía igual ou inferior a cinco días.

Este incremento de camas suporía un incremento significativo da súa actividade asistencial, con diminución da estadía media e aumento da calidade e eficiencia debido á posta en marcha e potenciación dos programas alternativos á hospitalización:

- Hospitais de día.
- Equipos de continuidade de cuidados.
- Programas de observación e intervención en crises hospitalarias.

- Permeabilización das unidades hospitalarias de coidados de rehabilitación.

O documento Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental de 1987 recomendaba:

Número	Psiquiatras	Psicólogos	DUE	Traballador social	Persoal enfermería	T.O.	Outros
1/150.000-250.000 h	1/7 camas	1/15 camas	1/cama	1	1/cama	1	6

**Táboa 3. Distribución das camas de UHP nos hospitais de referencia. Comparativa coas recomendables nunha taxa de 1 por cada 10.000 hab. e a diferenza coas actuais.**

	Camas agudos			Habitantes	Psiquiatras	
	Actuais	Recomendables	Dif.		Actuais	Recomendables (1/7 camas)
C.H. Juan Canalejo	31	52	-21	517.379	7	7
C.H.U. de Santiago	46	44	+2	440.776	6	6
C.H. Arq. Marcide-NS	24	19	+5	193.365	4	3
C.H. Xeral-Calde	22	34	-12	341.028	3	5
C.H. Ourense <sup>1</sup>	18	33	-15	327.935	4	5
C.H. Pontevedra <sup>2</sup>	18	28	-10	284.629	4	4
Hospital do Meixoeiro	22	19	+3	190.995	4	3
C.H. Xeral-Cíes	30	35	-5	351.641	4	5
<b>TOTAL*</b>	<b>211</b>	<b>265</b>	<b>-54</b>	<b>2.647.748</b>	<b>36</b>	<b>38</b>

(1) Dispón de posibilidade de ingreso en clínica privada.

(2) Dispón de posibilidade de ingreso en clínica privada.





Cada **unidade de hospitalización psiquiátrica** debería contar, con carácter xeral, cun **psiquiatra por cada sete camas, un psicólogo por unidade (un psicólogo adicional cando a unidade supere as 21 camas), un traballador social, un terapeuta ocupacional e coas ratios de persoal de enfermería, de auxiliar de clínica e auxiliar administrativo adecuadas.**

Estas UHP realizarán, con carácter xeral, ademais do programa de **hospitalización psiquiátrica xeral**, o programa de **desintoxicación hospitalaria** de acordo co Plan de Drogas, o programa de **observación e intervención en crise hospitalaria** e o **programa de interconsulta e enlace** ata a creación da **unidade específica de interconsulta e enlace** coa súa dotación propia (1 psiquiatra, 1 psicólogo, 1 DUE).

#### **5.4.4. Unidades específicas.**

##### **5.4.4.1. Saúde mental infanto-xuvenil.**

A importancia destes dispositivos está fundamentada en distintos criterios: demográficos, especificidade das intervencións e importancia evolutiva e prognóstica da atención precoz dos problemas e as patoloxías psíquicas desta poboación.

##### **5.4.4.1.1. Unidades de saúde mental infanto-xuvenil**

As unidades de saúde mental infanto-xuvenil (USM-IX) son unidades específicas para a atención dos problemas de saúde mental infanto-xuvenil (ata os 16 anos). Os pacientes son remitidos maioritariamente pola USM ou os servizos de Atención Primaria e, eventualmente, polos de Educación e Servizos Sociais.

O criterio establecido inicialmente para as unidades específicas de atención ambulatoria é que exista polo menos unha para cada unha das sete grandes áreas.

No caso destas unidades, dadas as características demográficas de Galicia, deberán potenciarse as existentes nos núcleos urbanos e áreas metropolitanas máis importantes (Santiago, A Coruña e Vigo) xa que é aquí onde existe unha poboación infanto-xuvenil máis numerosa.





O documento Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental de 1987 recomendaba:

Número	Psiquiatras	Psicólogos	DUE	Traballador social	Auxiliar admto.	Auxiliar enfermería
1/área sanitaria	1	1				

Recibirán o apoio do resto de persoal da USM da área e colaborarán con esta na atención xeral, se fose preciso.

Na proposta actual, as USM-IX funcionarán como as USM xa que toman a cargo directamente a poboación de 0 a 16 anos.

**Táboa 4. Distribución teórica do número de USM-IX por cada área hospitalaria galega con redondeo cara a arriba de decimais, segundo criterio de unha USM-IX por área sanitaria, con dúas USM-IX nas áreas de Santiago, A Coruña e Vigo.**

Prov.	Centro sanitario	Poboación protexida	USMI-X		
			Recomendables	Actuais	Diferenza
	C.H. Juan Canalejo	473.499	2	1 <sup>1</sup>	-1
	F. H. V. da Xunqueira	43.880	0	0	0
	C.H. Arq. Marcide	193.365	1	1	0
	C.H. U. de Santiago	377.043	2	1	-1
	F. H. da Barbanza	63.733	0	0	0
<b>A Coruña<sup>2</sup></b>		<b>1.151.520</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>-1</b>
	Hospital da Costa	70.492	0	0	0
	C.H. Xeral-Calde	219.815	1	1	0
	H. C. de Monforte	50.721	0	0	0
<b>Lugo</b>		<b>341.028</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
	H. C. de Valdeorras	37.217	0	0	0
	C.H. Ourense	260.298	1	1	0
	F. H. de Verín	30.420	0	0	0
<b>Ourense</b>		<b>327.935</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
	C.H. Pontevedra	214.038	1	1	0
	F. H. do Salnés	70.591	0	0	0
	C.H. Vigo	542.636	2	1	-1
<b>Pontevedra</b>		<b>827.265</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>-1</b>
<b>Sergas</b>		<b>2.647.748</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>-3</b>

(1) Aínda que son dúas unidades teñen o mesmo persoal ca o existente en Vigo, polo que sería necesaria unha unidade máis.

(2) Inclúe a poboación de varios municipios da provincia de Pontevedra na área de Santiago



En Galicia hai oito unidades de saúde mental infanto-xuvenil. Unha en cada unha das sete maiores cidades (Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra); e unha segunda na Coruña (aínda tendo dúas unidades, en conxunto, a súa dotación é similar á de Vigo, polo que é preciso o seu reforzo).

Estas unidades están xestionadas directamente polo Sergas agás a de Ferrol que é xestionada mediante convenio coa Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (Aspaneps) e unha da Coruña, resultado dun convenio con este Concello.

**Con carácter xeral cada USM-IX debería contar polo menos con dous psiquiatras, un psicólogo, un DUE, un traballador social e o apoio dun auxiliar administrativo.** Nas áreas de Vigo e A Coruña pola súa maior taxa e número total de poboación infanto-xuvenil, precisarían de dúas unidades.

A **posta en marcha dun novo programa sobre trastorno mental grave na adolescencia debería supoñer**, como mínimo, o incremento dun facultativo especialista máis por unidade.

As idades a que se atende nas devanditas unidades (< a 16 anos), deberían estenderse no futuro ata os 18 anos, coas adaptacións de recursos humanos pertinentes.

Este incremento de recursos estímase que suporía un aumento da actividade asistencial que compensaría a tendencia ao incremento da demanda nestas unidades constatada nos últimos anos.

#### ***5.4.4.1.2. Unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil.***

Unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil (UHP-IX) establécese para a poboación infanto-xuvenil que requira ingreso hospitalario de carácter breve.

Unidade de referencia para a Comunidade Autónoma:

- Segundo os estándares de consenso técnico que estiman 5 camas por cada 100.000 habitantes e 1 cama por cada 100.000 menores de 12 anos, deberá dispoñer entre 15 e 21 camas.
- Esta unidade deberá contar cun psiquiatra por cada sete camas, un psicólogo, un traballador social, profesores (dos niveis correspondentes aos nenos e adolescentes ingresados, mediante mecanismo xa establecido coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para outros servizos como Pediatría Hospitalaria) e coas ratios de persoal de enfermería, de auxiliar de clínica e auxiliar administrativo adecuadas.
- Este tipo de unidades non figuran no documento de 1987 pero fixéronse necesarias dende o punto de vista asistencial e obrigadas pola existencia de normativa ao respecto (**Lei de axuízamento civil, artigo 763**).

#### **5.4.4.1.3. Centros para nenos e adolescentes con graves problemas de conduta.**

- Centros para nenos e adolescentes escolarizados e con graves problemas de conduta con soporte familiar apropiado para atender estes nenos e adolescentes en períodos de fin de semana e de vacacións. Similar ao centro xa en funcionamento e existente no Pedroso, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e apoiado nos aspectos concernentes á problemática da saúde mental por psiquiatra e psicólogo clínico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
- Centros para nenos e adolescentes, con graves trastornos de conduta e sen soporte familiar axeitado ás súas características. Tipoloxía de centros en estudo, en colaboración coas consellerías competentes en materia de educación, familia, xuventude...





#### **5.4.4.2. Drogodependencias**

**5.4.4.2.1. Estableceranse programas de coordinación e integración (funcional) co Plan de Galicia sobre Drogas.**

**5.4.4.2.2. Unidades de alcoholismo e outras dependencias.**

As unidades de alcoholismo e outras dependencias (UAD) tenderán, cos requirimentos técnicos e dotacionais precisos, a orientarse a unidades de condutas adictivas, que comprendan tanto o alcohol coma o tabaco (en colaboración cos programas de Saúde Pública), así como as dependencias sen substancia (xogo patolóxico, adicións relacionadas coa informática...)

Con carácter xeral promoverase a toma a cargo dos programas directamente asistenciais, pola rede de saúde mental do SERGAS, así como os programas de patoloxía dual.

Os pacientes con problemas psiquiátricos relacionados co consumo de alcohol atenderanse, con carácter xeral, na rede asistencial do Sergas, sen prexuízo da súa derivación, cando sexa pertinente, ás devanditas unidades específicas.

Así mesmo, existen seis unidades asistenciais específicas, dúas delas pertencentes ao Sergas e as catro restantes a través de convenios con asociacións relacionadas co ámbito do alcoholismo.

A única área sanitaria que carece deste tipo de unidades é a correspondente ao Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que debería crearse unha unidade específica.

A creación desta nova unidade, unida á atención a dependencias sen substancia polas unidades de alcoholismo, estímase que suporá un incremento de actividade asistencial dun 20-25%.

Ademais existen 15 asociacións que realizan actividades ou programas de prevención, asesoramento, información e rehabilitación de alcoholismo, maioritariamente organizadas e xestionadas por asociacións de autoaxuda e axuda mutua deste ámbito.

Nos convenios que se realizan con estas unidades inclúese, actualmente, a apertura da súa actividade a outras adicións (dependencia sen substancia, tabaco,...)

Iniciouse un programa subvencionado de atención a pacientes con problemas de alcoholismo (graves e persistentes) **en réxime de comunidade terapéutica**, dirixido a aqueles pacientes para os que resultan insuficientes o resto de programas e dispositivos.

A experiencia acumulada permite estimar a necesidade de dispoñer, cando menos, de dúas comunidades terapéuticas deste tipo, de referencia para Galicia, cun total de 50 prazas, que realicen un programa integral e continuado que inclúa programa de acollida, ingreso, seguimento post-alta con límite temporal determinado, en coordinación cos dispositivos correspondentes do SERGAS.

#### **5.4.4.3. Unidades de psioxeriatría (UP)**

As unidades de psioxeriatría (UP) dan resposta asistencial específica á poboación da Terceira Idade, resposta necesaria pola evolución demográfica (marcado envellecemento poboacional) e o conseguinte incremento das patoloxías psiquiátricas asociadas á idade (demencias, depresión, trastornos orgánicos cerebrais, ..)

O criterio establecido inicialmente para as unidades específicas de atención ambulatoria é que exista polo menos unha para cada unha das sete grandes áreas, que funcionarían como un programa de reforzo e referencia das USM, coas que se establecerán os criterios de derivación e alta correspondentes.

É necesario corrixir o forte déficit deste tipo de unidades, creando seis novas unidades, de forma que cada unha das sete áreas sanitarias de referencia (Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, Santiago, A Coruña e Ferrol) dispoña dun dispositivo completo, tal e como conta na actualidade a área de Santiago de Compostela.

**Con carácter xeral estas novas unidades deberían contar con** tres facultativos especialistas a tempo completo (dous psiquiatras e un psicólogo clínico preferentemente con experiencia en neuropsicoloxía) e dous titulados medios (enfermeiro/a e traballador/a social/terapeuta ocupacional).

Estas unidades asegurarían, cando se acordase, un programa de interconsulta e enlace cos dispositivos da área de benestar e servizos sociais correspondentes.





#### 5.4.5. Unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica.

As **unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica (UHRP)** consideradas no artigo 15 do **Decreto 389/1994** foron desenvolvidas no documento de **Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia (1997)** en tres tipoloxías: **unidades de coidados de rehabilitación, unidades de coidados especiais e unidades de coidados residenciais.**

O grao de desenvolvemento destas unidades foi progresivo e completouse nas áreas de Vigo e de Santiago, aínda que con deficiencias estruturais nesta última. Na área de Ourense o grao de diferenciación é menor polas súas características singulares que requiren intervencións estruturais e reordenación funcional, con asignación específica e diferenciada de recursos humanos e obxectivos asistenciais. Na área de Lugo non foron desenvolvidas estas unidades por non ter transferido o Sergas o Hospital Psiquiátrico da Deputación.

##### 5.4.5.1. Unidades de coidados de rehabilitación

O establecemento actual de catro unidades de coidados de rehabilitación (UCR) (unha por provincia e centro de rehabilitación psiquiátrica), require a súa actual independencia en espazos e recursos do resto das unidades destes centros.

As recomendacións en diversos plans vixentes son dunha unidade por provincia e dunha cama por 10.000 habitantes en módulos de 20 a 40 camas. Este último dato implica un incremento do 300% das camas na provincia de Pontevedra e do 100% na provincia da Coruña. A provincia de Ourense estaría axustada entre os seus recursos e as necesidades existentes (a mesma estimación se podería facer para a provincia de Lugo, coa reserva de que non pertence ao Servizo Galego de Saúde).



**Táboa 5. Distribución das camas de coidados de rehabilitación e psiquiatras desas unidades nos hospitais de referencia. Comparativa coas recomendacións dunha cama por cada 10.000 hab. e un psiquiatra por cada 10 camas.**

	Camas coidados de rehabilitación			Habitantes	Psiquiatras		
	Actuais	Recomendables	Dif.		Actuais	1 por 10 camas	Dif.
C.H.U. de Santiago	50	99	-49	988.513	2	10	-8
C.H. Xeral-Calde <sup>1</sup>	?	31	?	306.388	?	3	?
C.H. Ourense	42	29	+13	292.357	2	3	-1
C.H. Xeral-Ciés	19	73	-54	726.895	1	7	-6
<b>TOTAL*</b>	<b>111</b>	<b>232</b>	<b>-90</b>	<b>2.314.153</b>	<b>5</b>	<b>23</b>	<b>-15</b>

(1) Pendente de integración do H. Psiquiátrico San Rafael.

Como alternativa ao incremento sinalado antes considérase apropiada unha solución mixta que recolla dous tipos de medidas:

**1. Incremento de camas:**

- De 30 camas na área de Santiago para dar unha resposta asistencial máis efectiva ás áreas sanitarias da Coruña e Ferrol, que carecen deste tipo de unidade, e que teñen como referente a unidade hospitalaria de rehabilitación psiquiátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
- De 20 camas na área de Vigo para dar unha resposta asistencial máis efectiva á área sanitaria de Pontevedra que carece deste tipo de unidade e que ten como referente a unidade hospitalaria de rehabilitación psiquiátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- De 30 camas na área de Lugo (por diferenciación no Centro Rehabilitador San Rafael ou nova creación no Complexo Hospitalario Xeral Calde).

Este incremento debería ir acompañado dun compromiso asistencial formalizado (pactado e programado) coas áreas para as que estas unidades son de referencia, para asegurar a cobertura asistencial das súas necesidades de acordo cos estándares establecidos.



## 2. Potenciación de alternativas extrahospitalarias de rehabilitación psiquiátrica:

- Posta en marcha a través dos equipos de continuidade de cuidados do programa de trastorno mental severo, con incidencia específica na atención domiciliaria e comunitaria.
- Potenciar a capacidade dos hospitais de día como alternativa á hospitalización reforzando a súa dotación e incrementando prazas de centros de rehabilitación psicosocial e laboral, que permitirían derivar pacientes destas características dende os hospitais de día.
- Incremento do número de prazas de pisos e residencias para pacientes psiquiátricos con trastorno mental severo.

Estas alternativas permitirían ademais de reducir o incremento de camas de unidades de rehabilitación hospitalaria de 300 e 100% respectivamente ao 50% - en ambas as dúas provincias- coa conseguente mellora das súas ratios na dotación de recursos humanos.

**Táboa 6. Distribución das camas de cuidados de rehabilitación e psiquiatras desas unidades nos hospitais de referencia de utilizar a alternativa mixta.**

	Camas cuidados de rehabilitación			Habitantes	Psiquiatras		
	Actuais	Recomendables	Dif.		Actuais	1 por 20 camas	Dif.
C.H.U. de Santiago	50	80	-30	988.513	2	4	-2
C.H. Xeral-Calde <sup>1</sup>	?	31	?	306.388	?	2	?
C.H. Ourense	42	29	+13	292.357	2	1,5	+0,5
C.H. Xeral-Ciés	19	39	-20	726.895	1	2	-1
<b>TOTAL*</b>	<b>111</b>	<b>179</b>	<b>-37</b>	<b>2.314.153</b>	<b>5</b>	<b>9,5</b>	<b>-2,5</b>

(1) Pendente de integración do H. Psiquiátrico San Rafael ou de solución alternativa. En calquera caso suporía a creación de 31 camas.

Como se pode apreciar comparando as táboas 5 e 6, con esta alternativa reduciríanse as necesidades de camas en 53 e a dotación de psiquiatras en 12 (non se contabiliza a redución de necesidades doutras tipoloxías de persoal que comporta a redución de camas). Isto fai máis idónea esta alternativa.





Este aumento de recursos debería realizarse de forma secuencial ao longo dos seis anos de vixencia do plan.

Con carácter xeral as unidades de coidados de rehabilitación deberán contar cun psiquiatra por cada 20 camas, un psicólogo por unidade, un traballador social por unidade, un terapeuta ocupacional por unidade e, polo menos, seis DUE e 12 auxiliares de enfermería por unidade.

#### 5.4.5.2. Unidades de coidados especiais

Actualmente a dotación media en unidades de coidados especiais (UCE) é de 0,26 camas por 10.000 habitantes aínda que debería ser, polo menos, de 0,4 camas por 10.000 habitantes; dadas as necesidades asistenciais e as características destas unidades que de facto as converte en unidades de media ou longa duración pola súa tipoloxía de pacientes (pacientes con problemas xudiciais, con problemas graves de conduta, con trastorno mental severo resistente a tratamento, con trastorno de personalidade graves...).

Por outra banda, dada a especificidade destas unidades, non resulta recomendable un número de camas superior a 25 por cada unha delas. A proposta resultante sería a seguinte:

**Táboa 7. Distribución das camas de coidados especiais de rehabilitación nos hospitais de referencia. Comparativa coas recomendacións de 0,4 camas por 10.000 habitantes (a distribución do total entre as distintas unidades axústase para que ningunha supere as 25 camas).**

	Poboación	Actual	Recomendables	Diferenza
C. H. U. Santiago	988.513	20	25	-5
C.H. Xeral-Calde <sup>1</sup>	306.388	*	20	*
C. H. Ourense	292.357	15	21	-6
C. H. Xeral-Cíes	726.895	15	25	-10
<b>TOTAL</b>		<b>50</b>	<b>91</b>	<b>-21</b>

(1) Pendente de integración do H. Psiquiátrico San Rafael no Sergas e sen diferenciación precisa de unidades no momento actual ou solución alternativa en Complexo Hospitalario Xeral Calde, aínda que serían recomendables segundo estas estimacións 20 camas.



Con carácter xeral estas unidades de coidados especiais deberán contar con 1 psiquiatra cada 10 camas, 1 psicólogo por unidade, 1 traballador social, 1 terapeuta ocupacional, 9 DUE e 16 auxiliares de enfermería e o persoal complementario preciso.

**Unha necesidade asistencial específica e urxente de carácter particularmente problemático, é a atención de pacientes ingresados de carácter penal, por imperativo xudicial e sentenzas prolongadas.** A devandita necesidade asistencial requiriría a creación dun **módulo ou unidade de hospitalización psiquiátrica penitenciaria** de referencia para a Comunidade Autónoma.

Se tomamos como referencia a dotación deste tipo de camas por poboación xeral na Comunidade Autónoma de Cataluña para este tipo de unidades (única en España creada na rede autónoma pública), equivalente a 0,1 camas por cada 10.000 habitantes, é dicir 26 camas para a nosa Comunidade Autónoma e que poderían estar nun módulo "ad hoc" (coas características estruturais axeitadas).

Con carácter xeral, a estimación de recursos para esta unidade sería dun psiquiatra por cada 10 camas, un psicólogo por unidade, un terapeuta ocupacional, un traballador social, nove DUE e 16 auxiliares de enfermería e o persoal complementario preciso.

Resulta necesario, así mesmo, incorporar ao convenio xa existente coa Consellería de Xustiza, en relación coa medicina forense, cláusulas que establezan a colaboración, dos facultativos especializados da rede de saúde mental para os efectos de informes periciais psicolóxicos e psiquiátricos.

#### **5.4.5.3. Unidades de coidados residenciais**

As unidades de coidados residenciais (UCRES) están dirixidas á atención de pacientes estables, de longa evolución, cuxa situación non require coidados específicos pero que pola súa carencia de autonomía e patoloxía psiquiátrica requiran unha atención en réxime residencial.

O número total deste tipo de camas na nosa Comunidade Autónoma é de 380 (sen contar coas pertencentes ao Centro Residencial e Rehabilitador San Rafael de Castro Ribeiras de Lea), equivalente a 1,6 camas por 10.000 habitantes, sendo a estimación que realiza o **documento técnico de referencia da Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN)** para prazas residenciais de 0,5 por 10.000 habitantes, o que equivalería a 115 camas.

Esta excesiva cantidade no número de prazas residenciais nas unidades de coidados de rehabilitación débese, por unha parte, á súa procedencia dos antigos hospitais psiquiátricos (concéntrase no Hospital Psiquiátrico de Conxo, por razóns históricas), e por outra, a carencia de estruturas externas de tipo residencial para este tipo de pacientes.

As unidades de coidados residenciais deberían sufrir unha redución progresiva, acompañada da creación de prazas residenciais externas para este tipo de pacientes.

A taxa de facultativos, psiquiatras e psicólogos clínicos, por número de camas, que se estima necesaria sería de 1/60.

Unha alternativa apropiada para este tipo de unidades, especialmente nas áreas de Vigo, Ourense e Pontevedra sería externalizalas, reordenando os seus recursos para reforzar as unidades de coidados de rehabilitación e de coidados especiais. As solucións para as unidades de coidados residenciais de Conxo e Castro deberían estudarse de xeito singular.

#### 5.4.6. Pisos protexidos e unidades residenciais.

Estes dispositivos supoñen unha alternativa real ao ingreso en unidades de coidados de rehabilitación e coidados residenciais.

No ano 2004 existían 112 prazas de **pisos protexidos**, aproximadamente unha taxa de 0,4/10.000 habitantes, e debería alcanzarse unha taxa de 0,7/10.000 habitantes ao longo do desenvolvemento deste **Plan** (aínda que se debería seguir incrementando posteriormente ata alcanzar unha taxa de 1/10.000 habitantes para





achegarse ás cifras mínimas de referencia estimadas polo **documento técnico de referencia da AEN**, segundo recolle a táboa 8).

**Táboa 8. Necesidades de prazas en pisos protexidos asumindo 0,7 e 1 praza por 10.000 habitantes.**

Área	Poboación protexida	Actual	Recomendables 0,7	Diferenza	Recomendables 1	Diferenza
C.H. J. Canalejo	517.379	16	36	-20	52	-36
C.H. A. Marcide	193.365	10	14	-4	19	-9
C.H.U.Santiago	440.776	29	31	-2	44	-15
C.H. Xeral-Calde	219.815	5	15	-10	22	-17
H. dá Costa	70.492	4	5	-1	7	-3
H. de Monforte	50.721	4	4	0	5	-1
C.H. Ourense	327.935	10	23	-13	33	-23
C.H.U. Vigo	542.636	23	38	-15	54	-31
C.H. Pontevedra	284.629	11	20	-9	28	-17
<b>SER GAS</b>	<b>2.647.748</b>	<b>112</b>	<b>186</b>	<b>-74</b>	<b>264</b>	<b>-152</b>

Isto supón un incremento de 74 prazas para alcanzar a taxa de 0,7/10.000 no conxunto da Comunidade Autónoma, de acordo coa distribución reflectida na táboa 8.

No caso das **residencias específicas**, existían soamente 18 prazas para toda a Comunidade Autónoma, o que supón unha taxa de 0,06/10.000 habitantes, claramente insuficiente para as necesidades actuais. Debería alcanzarse polo menos unha taxa de 0,25/10.000 durante o desenvolvemento do **Plan** (aínda que debería incrementarse posteriormente ata unha taxa de 0,5/10.000 para achegarse ás cifras mínimas de referencia estimadas polo **Documento de Consenso do IMSERSO**).



**Táboa 9. Necesidades de prazas en residencias específicas asumindo 0,25 e 0,5 prazas por 10.000 habitantes.**

Área	Poboación protexida	Actual	Recomendables 0,25	Diferenza	Recomendables 0,5	Diferenza
C.H. J. Canalejo	517.379	0	13	-13	26	-26
C.H. A. Marcide	193.365	0	5	-5	10	-10
C.H.U.Santiago	440.776	0	11	-11	22	-22
C.H. Xeral-Calde	219.815	0	5	-5	11	-11
H. da Costa	70.492	0	2	-2	4	-4
H. de Monforte	50.721	0	1	-1	3	-3
C.H. Ourense	327.935	9	8	+1	16	-7
C.H.U. Vigo	542.636	0	14	-14	27	-27
C.H. Pontevedra <sup>1</sup>	284.629	9	7	+2	14	-5
<b>SERGAS</b>	<b>2.647.748</b>	<b>18</b>	<b>66</b>	<b>-48</b>	<b>133</b>	<b>-115</b>

(1) Situada en Vilagarcía de Arousa.

Isto supón un incremento mínimo de 48 prazas para alcanzar a taxa de 0,25/10.000 no conxunto da Comunidade Autónoma, de acordo coa distribución reflectida na táboa 9.

**O 25% do total de prazas debe reservarse para programas de respiro familiar/descanso familiar.**

#### 5.4.7. Centros de rehabilitación psicosocial e laboral

No ano 2004 había 2,3 prazas por 10.000 habitantes adultos en centros de rehabilitación psicosocial e laboral (CRPL). O obxectivo é alcanzar as **3 prazas por 10.000 habitantes adultos**. Isto supón crear como mínimo 165 prazas no conxunto da Comunidade Autónoma. A súa distribución deberá realizarse primando a corrección do déficit nas áreas sinaladas na táboa 10.



O criterio prioritario de asignación debería corresponder ás necesidades vinculadas aos actuais hospitais de día, que necesitarían, para cumprir as súas funcións con efectividade, trasladar aqueles pacientes con tipoloxía de CRPL a estes centros.

As actividades específicas realizadas nestes centros deberán ter continuidade con programas de integración laboral e emprego con apoio para os usuarios que o requiran.

**Táboa 10. Necesidades de prazas en centros de rehabilitación psicosocial e laboral nas provincias galegas asumindo 3 prazas por 10.000 habitantes adultos de poboación protexida.**

Provincia	Poboación adulta protexida	Prazas actuais	Recomendables 3 prazas/10.000	Diferenza
A Coruña	988.513	185	297	-112
Lugo	306.388	65	92	-27
Ourense	292.357	95	88	+7
Pontevedra	726.895	185	218	-33
<b>SERGAS</b>	<b>2.314.153</b>	<b>530</b>	<b>695</b>	<b>-165</b>

## 5.5. PROGRAMAS DE SAÚDE MENTAL.

Os programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores constitúen a base da carteira de servizos e deberán, con carácter xeral, ter unha estrutura que responda aos seguintes puntos:

- Descrición xeral do programa.
- Obxectivos do programa.
- Criterios de inclusión no programa: perfil de pacientes/usuarios aos que vai dirixido.
- Vías de derivación.
- Metodoloxía asistencial.
- Liñas de actuación.
- Recursos necesarios.
- Cronograma (incluírá data de posta en funcionamento).
- Sistema de rexistro e avaliación.

### 5.5.1. Programas preventivos.

#### 5.5.1.1. Programa antiestigma.

Destinado á concienciación social e desmitificación da enfermidade mental, informando á sociedade sobre as posibilidades de tratamento e reinserción dos pacientes con problemas de saúde mental, promovendo a redución das barreiras e prexuízos que obstaculizan a integración destes pacientes.





Para iso, é decisiva a colaboración coa atención primaria de saúde e atención primaria social así como con institucións, axencias e organizacións da sociedade civil e que se podería concretar nos seguintes puntos:

- Información e sensibilización social para evitar discriminación negativa dos pacientes con trastorno mental, especialmente as de patoloxía máis grave e persistente.
- Información selectiva para autoridades, institucións e organizacións sociais.
- Información dirixida a fomentar un tratamento non estigmatizador destes pacientes nos medios de comunicación.

#### ***5.5.1.2. Programa de coidado a coidadores.***

- Programa de asesoramento e apoio, dirixido a familiares e coidadores informais de pacientes con trastorno mental severo (TMS): programas psicoeducativos, de orientación, asesoramento e apoio.
- Programas psicoeducativos de carácter sistemático, dirixidos a familiares e coidadores informais conviventes con pacientes non-TMS que acceden ás unidades da rede de saúde mental.
- Programa de respiro e/ou descanso familiar, dirixido prioritariamente a familiares e/ou coidadores de pacientes con trastorno mental grave.
- Programa de atención integral aos profesionais sanitarios con problemas psíquicos (PAIME, RETORNO, ...).
- Programa de prevención de riscos laborais, orientado a persoal sanitario e especialmente a profesionais en formación (MIR, PIR, FIR, BIR, EIR) en colaboración coa unidade competente nesta materia.



### **5.5.1.3. Programas preventivo-asistenciais**

Dirixidos tanto á prevención primaria (prevención e promoción en saúde mental) coma á prevención secundaria (detección e intervención precoces en problemas de saúde mental).

#### **5.5.1.3.1. En colaboración con atención primaria e orientado por tramos de idade:**

- Programa do neno san.
- Programa do adolescente.
- Programa do ancián de risco.

#### **5.5.1.3.2. Programas dirixidos especialmente á atención de grupos de risco:**

- Intentos autolíticos.
- Trastorno mental severo.
- Trastorno por usos prexudiciais de substancias ou dependencia sen substancia.
- Trastorno da conduta alimentaria.

### **5.5.2. Programas asistenciais.**

Tal como se sinala no punto 11 do apartado 4.2, existen evidencias de que o uso de ferramentas de xestión clínica contribúe a diminuír a variabilidade non xustificada das prácticas clínicas e asistenciais e favorece a súa comparabilidade.

Neste ámbito, os programas prioritarios que se desenvolverán son os dirixidos á consulta á demanda que se especifican a continuación:





#### ***5.5.2.1. Programas para problemas prevalentes en saúde mental.***

Dirixidos aos pacientes que presentan os trastornos mentais máis frecuentes aínda que de moderada gravidade e persistencia, que requiren intervencións conxuntas de atención primaria e da rede de saúde mental, como son: patoloxía depresiva, ansiosa e de somatización.

#### ***5.5.2.2. Programa de trastorno mental severo.***

Dirixido a pacientes con trastornos mentais graves e persistentes, especialmente pacientes con diagnóstico de trastorno psicótico e trastorno afectivo (particularmente trastorno bipolar).

Os devanditos programas establecen a continuidade asistencial tanto en réxime ambulatorio como hospitalario.

Así mesmo, desenvolveranse adaptándose ás características que estes trastornos presenten nas distintas etapas vitais (infancia, adolescencia, idade adulta, velez).

#### ***5.5.2.3. Programas de interconsulta e enlace.***

Dirixidos a dar resposta a distinto tipo de demandas doutros niveis asistenciais e especialidades: intervención, asesoramento e apoio en programas específicos como dor, oncoloxía, transplante, dano cerebral ...; asesoramento a outros profesionais, así como a súa formación e adestramento en habilidades específicas de saúde mental.

Aínda que inicialmente xorden no ámbito hospitalario tamén se aplican progresivamente no ámbito ambulatorio e especialmente con atención primaria.

O desenvolvemento dos programas de interconsulta e enlace no medio hospitalario será levado a cabo polas unidades específicas segundo o disposto no punto 5.4.3.

#### ***5.5.2.4. Programa de observación e intervención en crise hospitalaria.***

Dirixido a pacientes que presentan crises psiquiátricas ou psicosociais e que requiren intervención urxente, intensiva e de curta duración en réxime hospitalario.



#### **5.5.2.5. Programa de consulta de alta resolución.**

Dirixido a dar unha resposta rápida a problemas previamente seleccionados en colaboración con atención primaria e outras especialidades.

O formato de resposta establecería a alta e devolución ao profesional derivante coa realización, preferentemente, dunha soa consulta e cun máximo de dúas consultas distanciadas por un intervalo inferior a unha semana.

#### **5.5.2.6. Programa de teleasistencia.**

Dirixido a dar resposta de interconsulta e asesoramento preferentemente a profesionais de atención primaria ou de residencias da terceira idade e/ou educación especial que, pola súa distancia (medida en isócronas) da unidade de saúde mental correspondente, o necesiten e requiran.

Este programa terá un carácter mixto, **presencial** (pacientes cos que exista unha relación clínica previa) e **a distancia**. Iniciaríase con carácter xeral de xeito presencial e posteriormente estableceríanse os intervalos dos contactos a distancia.

#### **5.5.2.7. Programa con procedementos específicos.**

Neste tipo de programas estableceranse as indicacións para os distintos tipos de estratexias, farmacolóxicas e psicoterapéuticas, así como para o seu uso combinado.

- Estratexias farmacolóxicas: clínica de litio, neurolépticos de acción prolongada, monitorización de fármacos ...
- Estratexias psicoterapéuticas: individual familiar, grupal...

#### **5.5.3. Programas rehabilitadores.**

- Programa de rehabilitación activa (hospitalario e extrahospitalario)
- Programa de rehabilitación e contención



- Programa de cambio condutual (conduta disruptiva).
- Programa de mantemento e reforzo de niveis de rehabilitación (hospitalario e extrahospitalario).
- Programa de autocoidado e autoxestión de vida diaria.
- Programa de habilidades sociais e interpersoais.
- Programa de coidados segundo o grao de dependencia.
- Programa de aloxamento alternativo.
- Programa de actividades ocupacionais.
- Programas de lecer e tempo libre.
- Programa de habilidades e hábitos prelaborais.
- Programa de hábitos laborais dirixidos á integración no ámbito laboral.
- Programas psicoeducativos.

#### **5.5.4. Programas especiais.**

##### ***5.5.4.1. Programa de atención a problemas relacionados co consumo prexudicial de alcohol, tabaco así como aqueles relacionados con dependencias sen substancia.***

- Programas de prevención:
  - Apoio á abstinencia e promoción de estilos de vida e hábitos saudables.
  - Programas de prevención de recaídas.
  - Campañas de sensibilización da poboación.
- Programas asistenciais relacionados co consumo prexudicial de alcohol.

- Programas asistenciais relacionados con dependencias sen substancia.
- Programas asistenciais relacionados co tabaquismo (programa complementario en colaboración con Saúde Pública).
- Programa asistencial de patoloxía dual, en coordinación coas unidades de atención ás drogodependencias.

Todos estes programas realizaranse en estreita colaboración con Atención Primaria.

#### ***5.5.4.2. Programa de trastornos de conduta alimentaria.***

Programa integrado nos distintos niveis da rede asistencial:

- Atención Primaria:
  - Prevención e detección precoces.
  - Atención e seguimento.
  - Derivación a USM-IX e/ou USM.
- Atención especializada:
  - USM: programa de atención e derivación, de ser preciso, a programas de hospitalización (parcial ou completa).
  - Hospital de día: programa de atención e derivación, de ser preciso, a programas de hospitalización e/ou continuidade de cuidados.
  - Unidade de hospitalización psiquiátrica:
    - > Atención hospitalaria con programa conxunto con servizos e especialidades complementarias (pediatría, medicina interna, endocrinoloxía, nutrición, ...)
    - > Derivación á Unidade de Desordes Alimentarios, de referencia autonómica.





- Unidade de Desordes Alimentarios:
  - > Unidade de referencia para a asistencia a pacientes complexos derivados das unidades de hospitalización psiquiátrica.
  - > Derivación tras asistencia a USM-IX e/ou USM, para a súa atención e seguimento e, se é o caso, traslado ao nivel asistencial de Atención Primaria.

#### ***5.5.4.3. Programa de intervención en crises e urxencias comunitarias (Programa Acougo en colaboración co 061).***

En colaboración coa Fundación Pública 061:

- **Subprograma ACOUGO de traslado e internamento urxente e involuntario.**
- **Subprograma Alerta ACOUGO dirixido a pacientes con trastorno mental grave e especial risco de crise** (intervención guiada por arquivo clínico predefinido).
- **Guías de actuación:**
  - Alteracións de conduta.
  - Traslado involuntario.
  - Paciente axitado.
  - Paciente con psicose.
  - Paciente con depresión.
  - Paciente con ideación suicida.
- **Guía farmacolóxica.**

#### **5.5.4.4. Programa de saúde mental e catástrofes.**

En coordinación con **Atención Primaria, Saúde Pública e Fundación Pública 061.**

Comportaría un programa de coordinación e formación “ad hoc”.

#### **5.5.5. Programas de formación.**

##### **5.5.5.1. Programa de formación de especialistas (MIR, PIR, EIR...).**

- **MIR** de psiquiatría. Incremento do número de prazas pasando de sete a 13. Está pendente de acreditación a área de Pontevedra, acreditación que deberá promoverse ao longo do transcurso do plan.
- **PIR**. Actualmente só se ofertan catro prazas, polo que non pode establecerse este programa en cada unha das áreas. Deberían ofertarse polo menos unha praza por cada unha das sete áreas pasando de 4 a 7. Pendente de acreditación a área de Pontevedra que deberá resolverse ao longo do transcurso do plan.
- **EIR**. Estase a iniciar a implantación nalgúns comunidades autónomas. En Galicia só se ofertan dúas prazas vinculadas á Escola Universitaria de Enfermería de Vigo. No transcurso do desenvolvemento do plan debería ofertarse unha praza de EIR por cada unha das sete áreas.

##### **5.5.5.2. Programa de formación continuada.**

Deberá manterse o programa de actualización (80 horas/ano) que se está a realiza a través da Fegas.

Deberían incorporarse ao longo do transcurso do plan programas de supervisión externa (supervisión por pares-peer review)

Mantemento do día docente en cada unha das sete áreas sanitarias.





Programas monográficos adicionais sobre temas que requiran unha actualización urxente e/ou prioritaria.

O conxunto das accións de formación deberán centrarse especialmente nos procedementos e técnicas vinculados ao desenvolvemento dos programas do **Plan Estratégico de Saúde Mental**.

#### 5.5.6. Programas de investigación.

Este é un dos aspectos que requiren un esforzo de promoción máis importante, como se recolle na análise resultante da aplicación da matriz DAFO.

**As liñas de investigación** deberán ter, en xeral, un carácter aplicable á **clínica** e á asistencia e, polo tanto, centrarse nas áreas relevantes: investigación epidemiolóxica e clínica; investigación sobre calidade; investigación sobre aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais; coa utilización das tecnoloxías máis idóneas en cada caso.

O desenvolvemento destas liñas requirirá a posta en marcha dos seguintes programas:

- Programa de formación en metodoloxía de investigación.
- Programa de promoción e xeración de redes asociadas de investigadores clínicos e básicos.
- Programa de colaboración coas unidades de investigación das distintas áreas sanitarias.
- Programas de investigación aplicada aos problemas máis graves, frecuentes e emerxentes de saúde mental na poboación.
- Programas de avaliación de servizos e calidade asistencial.



## 5.6. CARTEIRA DE SERVIZOS.

- En cada unha das sete grandes áreas deberán existir as prestacións que figuran no catálogo sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- Especificamente concretaranse nas prestacións derivadas do desenvolvemento dos distintos programas antes sinalados.
- En todas as áreas existirán programas de atención á saúde mental de: adultos, infanto-xuvenil, psiquiatría, programas específicos (alcoholismo, dependencias sen substancia, trastornos da conduta alimentaria, ...), atención a urxencias domiciliaria e hospitalaria, hospitalización psiquiátrica, programa/unidade de intervención en crise, programa/unidade de interconsulta e enlace, hospitalización parcial (centro de día), continuidade de coidados (comunitario e a domicilio).

## 5.7. CALIDADE ASISTENCIAL.

### 5.7.1. Medidas dirixidas ao incremento da calidade clínica e asistencial.

- Entre as medidas orientadas á calidade clínica e asistencial, destacan:
  - Xestión clínica por procesos: óptase por esta modalidade para dar unha resposta, fundamentalmente á demanda derivada dende atención primaria, a través de programas que inclúan os procesos asistenciais máis prevalentes (depresión, ansiedade, trastornos por somatización).
